

A memoria na revitalización do Vigo Vello

Xornada do Consello da Cultura Galega

«O Casco Vello de Vigo. A memoria, a relación coa cidade e as intervencións públicas na rexeneración urbana»

Casa Galega da Cultura, 25-09-2018

Nacín na bufarda da casa dos donos da Favorita, ao comezo de Pi e Margall, case ao pé do Barrio da Cura. Meus pais eran dous *chicos* do comercio. Até que casou, miña nai era dependenta da zapataría de don Abdón Cruces na Porta do Sol, unha das primeiras para a infancia, máis tarde chegaría Chavalín co seu escaparate engaiolante na rúa do Príncipe. Meu pai era viaxante de tecidos de Teodoro Gómez, o almacén de Policarpo Sanz, onde se construíu o edificio da actual Caixa Geral, construído a comezos de 1980 polo arquitecto Desiderio Pernas.

Nese espazo comprendido entre o Barrio do Cura e a Porta do Sol chantaron Maripola e Emiliano as raíces da familia nosa. Aí nese territorio do Paseo de Afonso, Elduayen, Poboadores, a rúa de Santiago, a Falperra, a Calella das Angustias, a rúa Llorente e o Campo do Gas, a igrexa de san Francisco tivemos o berce noso. Un espazo de infancia de hai medio século que alongabamos cando mamá collía a nós os catro, máis tarde nos setenta chegarían os dous pequenos, e subiamos ao tranvía ou, as máis das veces, collíamos o coche de san Fernando, un pouquiño ao pé e outro andando, para pasar a tarde na casa de madriña Maruja, en Travesas, no camiño dos Anxos, cando alí só existían as casa de Pernas e comezaba a conformarse a liña das Camelias, entón avenida de Beatriz.

Un espazo de infancia que se ampliaba cando subiamos a costa de Cachamuíña, a carón da Panificadora, logo aliviada cando se construíu a praza do Rei, camiño da praza onde a avoa Maruja, «la abuela perita», tiña unha bancada de froitas e verduras. Unha praza que en todos aqueles anos mudou unha chea de veces, dende o fermoso Mercado (de ferro) do Progreso, que construíra Jenaro de la Fuente en 1908, para pasar, cando foi derruído en 1975 por un estourido controlado, ás naves do Campo de Granada, antes da construción da casa do concello, até as chabolas feitas a todo correr na aba do Castro, onde hoxe é o paseo do poeta Celso Emilio Ferreiro. O mercado, a praza da avoa Maruja, foi outro dos nosos espazos formativos, onde coñecemos o Vigo popular e o emprego cotián da lingua galega, o Vigo das señoras da aldea que vendían os ovos da casa, escarolas, e repolos, cada mércores e sábado.

Un Vigo en bisbarra do que procedía o meu avó Suso Beleiro, ebanista fino, que traballaba a madeira coas xubias e as trenchas, que no seu día tivera unha taberna en Mantelas durante os anos da República, onde naceu mamá. Suso fora membro do sindicato da madeira de UGT en Mobles Morenza, que tiña o seu obradoiro aquí mesmo, no que hoxe chamamos Casco Vello, daquela Vigo. Mais ese é outro fío da memoria por recoller, que nos levaría aos acontecementos do bou Eva, de 23 de abril de 1937, e a amizade de Maruja Fariñas e Suso Rodríguez co matrimonio Carmen Miguel Agra e Anxo Nogueira Nogueira.

Se lembro hoxe aqueles espazos da miña infancia de comezos da década de 1960, é para tratar de reconstruír, inevitablemente de forma idealizada e quizais un pouco tramposa, o que foron algún dos espazos urbanos que agora pretenden ser revitalizados, como os do Vigo vello. Espazos que lembro cheos do bulir da vida de moita xente, de toda clase de pequenos comercios, unha cidade acaroadada sobre o Berbés e as Avenidas que os meus avós e os meus pais nos ensinaron a querer con corazón celeste. Querenza, quizais motivada por que aquí chegaron algún día coma se de terra de fortuna se tratase, como lle sucedeu a Emiliano, o meu avó paterno, procedente do concello de Malva, na Zamora de Tierra de Campos seca e adusta, e aquí construíron as súas vidas durante a segunda década de 1920, no seu caso como funcionario municipal de taxas e arbitrios da lonxa do Berbés. Moitas son as lembranzas de infancia que non abandonan a memoria miña, que cando falla, por ventura miña nai cos seus 84 anos sabe volver encher

Lembro as visitas a zapataría da Porta do Sol, na que traballaba Polita, unha curmá de mamá, que nos agasallaba coas pelotas gorila que tanto prezabamos para xogar na cociña partidos interminables. A zapataría de mamá tiña un letreiro no que figura a palabra **ABDON**, que agora identifico en tipografía Futura, o que constituía un reclamo de espírito racionalista, moi moderno, semellante á outro da familia Helvética utilizado por **Almacenes El Pilar**, que estaba ao seu carón, no edificio onde se instalou o primeiro teatro da cidade en 1832.

Espírito racionalista desta tipografía presente na arquitectura de edificios como os da farmacia e drogaría de Sanchón de Policarpo Sanz e doutras construcións do arquitecto Francisco Castro, como rañaceos de García Barbón ou o famoso edificio Albo de Gran Vía número dous, que deseñou con Pedro Alonso, hoxe o máis literario de Vigo, grazas ás novelas de Fran P. Lorenzo *Cabalos e lobos* e Pedro Feijoo, *Os fillos do mar* e *Os fillos do lume*.

Lembro tamén as visitas ao almacén de Teodoro Gomez Curieses, onde o xefe do meu pai, don Pablo Palacios, sobriño do fundador, tiña un despacho que entón cría extraordinario, semellante ao das películas americanas clásicas. O almacén, pegado as Tres BBB, era moi elegante e tiña unha cabina no medio (coma a ponte dun barco) para o contable, Domitilo, un nome que moita graza me facía. Os propietarios eran os mesmos que os de La Villa de París, outra das marabillas desaparecidas de Jenaro de la Fuente, construída xusto antes que comezara o século XX, e que a partir de 1906 tería ao seu carón o edificio Simeón do tamén inesquecible arquitecto galeguista Manuel Gómez Román.

Lembro o paseo de Afonso, o cuarto de estar de Vigo vello, presidido dende 1943 polo quiosco de Pepe *O Coxo*, unha das figuras referenciais da miña infancia, tanto por vivir fronte por fronte da bufarda nosa como pola súa historia, unida a do tranvía, que en Urzaiz á altura do muro da estación, cando era vendedor do *Meta*, o vespertino deportivo, lle segou as pernas. Unha traxedia que viviu tamén a miña familia, xa que meu pai perdeu ao seu único irmán, o maior, cando este tiña apenas quince anos nun accidente semellante á altura do paseo. Manuel era o nome do meu tío atropelado polo tranvía. Miña avoa Filo lembrábame que me puxeran Manuel na súa lembranza. Quizais esta sexa a razón de padecer o que chamei unha vez nun dos meus Campo de Granada do *Faro* da Síndrome Siboney, un estraño estado de melancolía que afecta aos vigueses pola perda hai cincuenta anos, en decembro de 1968, do que foi a nosa extraordinaria rede de transporte eléctrico metropolitano. Imaxinan o que sería hoxe contar con ela, como a conservada nas cidades centroeuropeas como Basilea ou Cracovia?

No paseo de Afonso concentrábase o mundo arredor do quiosco e ao longo da beirarrúa voada, na que a carón dos anxiños do escultor Nogueira aprendemos a ler TINGLADO GENERAL DE EMPAQUE nos edificios dos armadores do Berbés. Franquear o paseo supuña entrar en Vigo, que era como a miña avoa Filo lle chamaba ao Vigo vello. Gustábame facelo por calquera das tres entradas posibles. A da Oliveira que obrigaba a baixar pola rúa Poboadores e, inevitablemente, deterse cun pouco de medo nos quioscos construídos baixo a beirarrúa, para logo perderse na fonte e no lavadeiro (chamabámolo «pílon») da Barroca, un paraíso da frescura, mesmo nos días de verán. Outras escollía os cento dezaseis chanzos da Baixada ao forte, entre o rañaceos de Asefal e a cafetaría O Castro, para facer cola na panadaría da Barroca, que os domingos adoitaba estar de garda, aínda que preferiamos as barras do señor Domingos do forno do Barrio do Cura.

Tamén se podía entrar pola rúa Elduayen, deseñada como a primeira travesía de Vigo, na que durante moito tempo souben un por un o nome de cada comercio, dende Confecciones Gallego de don Benjamin, onde comezou a traballar papá de *chico* nos anos corenta, até a confeitaría de El Buen Gusto, a das larpeiradas de follado, que tan poucas veces probei, pasando por Paños Vergas, a xastraría de Manolito, e a librería de Tetilla, propiedade do editor xenial (e internacional) que foi o meu admirado Eugenio Barrientos, o fundador da editorial Cíes en 1943 e promotor das noveliñas de quiosco. Un dos emprendedores vigueses do século XX máis extraordinarios e descoñecidos. Non teño dúbida ningunha que a rexeneración urbana do Vigo vello obrigará nun futuro próximo a considerar a posibilidade da peonalización completa de Elduayen, recuperando así o espírito de rúa comercial doutroa, que foi perdendo a medida que se foi degradando tanto o Barrio Alto, dende a praza de Argüelles á Ferraría, como a que baixa até o Berbés.

Dende Elduayen entrabamos na Colexiata pola rúa Sombreireros, sobre todo para pillar o arrecendo da roda de churros e das patatillas da Vallisoletana, a mellor churraría da cidade, desaparecida cando se derrubaron os quioscos *belle époque* deseñados por Jenaro de la Fuente.

Na miña infancia o Barrio Alto foi un lugar oculto, case prohibido, que de cando en vez, facendo unha pillaría cruzábase ao regreso do colexio (estudei nos curas salesianos da Ronda). Co tempo aprendín a identificar cales eran os tres bares dos irmáns Soto, amigos da mocidade do meu pai, o Cacholi da rúa San Sebastián, Lichoca da rúa Abeleira Menéndez e Cholica da Ferraría.

Outras veces, dende o Campo de Granada saíamos ao paseo pola rúa de Santiago, outra das miñas preferidas, a carón da Panificadora, onde vivía Tito, un tetrapléxico co que moito amigamos. A rúa de Santiago con todas as súas tabernas de estilo mariñeiro e a súa contigüidade a unha Panificadora recuperada como factoría cultural tería todos os boletos para converterse noutro espazo de privilexio no Barrio Alto.

E poderíamos continuar debullando a memoria daquel espazo dos humildes, con vivendas deficientes coma a nosa, onde sete persoas compartíamos apenas cincuenta metros, quentadas no mellor dos casos cunha estufa de butano e con baños aproveitados polo enxeño de fontaneiros heroicos como Carlos García, cuxa familia por ventura continúa co negocio ao comezo da rúa Pi e Margall, artesáns da precariedade que merecerían pasar a historia local como os arquitectos que fomos citando até agora.

Era o Vigo vello un espazo industrial e comercial, con numerosas tendas de efectos navais, media ducia de librerías, varias imprentas, ducias de tendas de ultramariños, algunhas aproveitando os portais das casas, comercios de roupa míticos como Triunfo, a tenda derrotada polo Corte Inglés, e moitas tabernas, que calquera do noso tempo podería enumerar dende o Porco mariño e o Tumbadios, pasando polo Laurel, quizais o primeiro pub vigués, sen faltarlle o respecto ao Joaquín do Areal, á Mina ou ao Vincios, onde pillei unha intoxicación de mexillóns cando o meu avó Suso me levou antes de marchar para a mili.

As memorias individuais son imprescindibles para construír o noso relato vital, que forma parte da consciencia do que somos. Cadaquén pasa a vida enteira elaborando ese relato que pode contribuír á conformación de memorias sentimentais ou xeracionais. Non é outra cousa o que levamos facendo dende hai vinte minutos. Xaora estas testemuñas individuais, enfiadas con outras contemporáneas e cribadas coas ferramentas da investigación histórica documental e gráfica transfórmanse en memoria colectiva. Un proceso que dunha maneira informal lévase acometendo no Vigo vello acompañando ao proceso de rexeneración urbana, mais tamén de terciarización, que se ven acometendo neste espazo urbano central, onde se atopa unha parte do ADN da nosa abella da ribeira.

Un proceso ao que non foron alleas nin as iniciativas públicas de rehabilitación e despois de rexeneración, primeiro por parte do concello de Vigo (PERI de 1981 e Plan Urban de 1994-2001) e despois do Consorcio Casco Vello de Vigo (dende 2005 até a actualidade) como das privadas e cívicas, encabezadas polas promovidas pola Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo, nacida cos obxectivos de loitar pola mellora da calidade de vida da veciñanza e recuperar as tradicións e dalas a coñecer.

Coincidindo cos mandatos das alcaldías Carlos Príncipe e Lois Castrillo, o período da coalición PSdeG-PSOE-BNG, desenvolvéronse as accións do Plan Urban na que se comezou ensaiar unha novidosa estratexia de xestión integrada das políticas públicas no barrio, peonalizando espazos centrais, apoiando a celebración dalgunhas festas e asumindo a rehabilitación dalgúns edificios insignia como a Casa Galega da Cultura, a Casa-Torre de Pazos-Figueroa e de Ceta (hoxe Instituto Camoens), o edificio Ferro (hoxe Biblioteca Juan Compañel) ou a Casa Goda (hoxe centro de saúde do Sergas).

Abandonado polo concello o Urban (por razóns de conxuntura política), as actuacións públicas no Vigo Vello se reiniciaron en 2005 da man da

constitución do Consorcio Casco Vello entidade nacida co obxectivo de desenvolver un proxecto integral de rexeneración urbana asumido de forma compartida por tres administracións: o concello de Vigo (alcaldesa Corina Porro, PP), que achegaba un 10% do orzamento; a Xunta de Galicia (presidente Emilio Pérez Touriño, PSdeG-PSOE), que asumía o 50%, contando coa colaboración da Zona Franca (presidente Francisco López Peña, PSdeG-PSOE), que proporcionaba o 40%, porcentaxe que sería adquirida en 2007 pola Consellaría de Vivenda e o Solo (da conselleira Teresa Táboas, BNG).

Creación do Consorcio Casco Vello de Vigo (hoxe nun 90% en mans da Xunta de Galicia), que xunto coa declaración en 2006 do Casco Vello como Ben de Interese Cultural como Conxunto Histórico Artístico e a aprobación en 2007 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI), permitiu que nesta última década se deran pasos significativos nun proceso de rexeneración en marcha, ao que moito lle queda aínda por facer. Recuperáronse edificios, construíronse vivendas de promoción pública e creáronse novos espazos comerciais e administrativos (como a sede dos rexistros mercantís na casa de López Araújo na rúa Real). Mesmo no Barrio Alto, o máis degradado e descoñecido, comezou a ser ocupado por unha nova veciñanza, toda unha volta ao carpín.

Hoxe visitar o Casco Vello está de moda coma nunca, feito ao que non foi allea a apertura de novos e atractivos locais de hostalaría, hoxe os motores publicitarios do barrio. Que as prazas da Constitución, da Princesa, da Colexiata ou as rúas da Oliva e do Triunfo estean ocupadas cada serán como espazo de lecer e encontro por centos de persoas sei que é unha excelente noticia, mais tamén sei que afonda nos inevitables perigos da terciarización e turistización do barrio histórico, problemas moi complexos presentes xa noutras cidades próximas coma Porto ou Compostela.

Entendo que no éxito da estratexia revitalizadora do Vigo vello moito tivo que ver a gran acollida popular das festas tradicionais como as da Reconquista (hoxe a principal da cidade), do Entroido (primeiro da man da comparsa dos Tarteiras, despois, a partir de 2006 coa recuperación da saída da máscara popular viguesa dos merdeiros ou escabicheiros, estudada por Xerardo F. Santomé), do Samaín (dende 2010), dos Maios (1981) ou da Noite Meiga (2011), coincidindo co San Xoán. Festas e tradicións promovidas todas elas pola Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello, auténtico motor do proceso de rexeneración. Sen estas festas non existiría identidade dun barrio no que paga a pena vivir.

Como tamén contribuíu a posta en valor do Vigo vello a súa transformación en espazo literario. Proceso que iniciou X.L. Ferrín cando en *Estirpe* (1994) incluíu o «Testamento do Ghevo», na honra do Quiosco das Almas Perdida, e continuou Pedro Feijoo coa publicación das novelas *Os fillos do mar* (2012) e *Os fillos do lume* (2017) e, sobre todo, polas rotas literarias deseñadas en *Camiñar o Vigo Vello* (2018). Rotas que forman parte do Mapa literario de Vigo presentes noutras novelas recentes como *Cardume* (2007) de Xina Vega, *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* (2016) de Leticia Costas, *O meu nome é Ninguén* (2018) de Manuel Esteban.

Estas novelas constitúen auténticos edificios virtuais, claves para entender o que se pretende facer no barrio, como os paseos literarios organizados por Pedro Feijoo, seguidos por centos de persoas que queren saber a historia non contada do Vigo vello. Libros andantes que conforman unha praza pública tan acolledora e viva como as da Constitución, Princesa, a Pedra ou o Berbés neste serán de comezo de outono.

Como son imprescindibles nesta estratexia revitalizadora as achegas xornalistas e divulgadoras de Jorge Lamas, recollidas no seu libro recente *Historias de Vigo* (2018), de Méndez Ferrín na súa sección sabatina en *Faro de Vigo* «Confín dos espellos», de Eduardo Rolland en «La bujía» de *La Voz de Galicia* e de Fernando Franco, veciño do Arco de Quirós, fillo de tendeiro do barrio, na súa sección diaria de *Faro de Vigo*, na que relata a vida social, imprescindible na arte de vivir.

Un proceso de rexeneración no que continúa sendo imprescindible o funcionamento dos contedores culturais do barrio: a Biblioteca Juan Compañel, o Instituto Camoens, a Casa Galega da Cultura, a Pinacoteca Francisco Fernández del Riego, o Centro de Interpretación das Illas Atlánticas da rúa Oliva, o Centro Galego da Fotografía da rúa Chao, pechado para vergonza de todos, como o antigo edificio parroquial, hoxe de propiedade municipal. Institucións ás que no futuro haberá que engadir a Aula de linguas da Universidade de Vigo nos soportais do Berbés.

E que facer para seguir este proceso que coma a Penélope de Díaz Castro dá tantas veces un paso adiante e outro atrás? Hoxe escribía no *Faro de Vigo* o que entendo son nesta altura decisiva claves para consolidar o proceso de rexeneración urbana do Vigo Vello.

En primeiro lugar, o proxecto precisa recibir un novo pulo político, que só pode vir da man dunha maior implicación por parte do concello de Vigo e dunha estreita colaboración co resto das administracións públicas.

O Concello debe integrar o proxecto de revitalización do Vigo Vello nas actuacións urbanísticas na contorna do que foi a cidade amurallada, reinventando os bordos, en actuacións públicas e privadas como as da Panificadora, o Barrio do Cura e a propia Beiramar do Berbés.

O Concello debe apostar pola creación dalgún novo espazo verde público e pola presenza de arborado e vexetación en todo o barrio.

Como debe arriscar nas peonalizacións das súas travesías, a da Porta do Sol, a da rúa Elduayen e a da avenida Beiramar, á altura da actual praza do Berbés, o que obrigaría ao alongamento dos actuais túneles. Proxecto que debería vir acompañado da apertura dun proceso de participación cidadá na toma dunha decisión estratéxica.

Como é imprescindible continuar desenvolvendo a política de equipamentos socio-comunitarios, nun barrio que precisa dun centro de día público para maiores, un centro público de Educación Infantil de 0-6 anos, un espazo de xogo para os picariños... que deben volver ser os protagonistas do barrio, como fomos hai seis décadas.

O barrio precisa dunha Oficina da Memoria (OM), que se podería instalar no Centro Cívico e Veciñal a instalar na Panificadora ou nos contedores escollido con participación cidadán, como celme sobre o que construír un sentimento de pertenza e orgullo no Vigo vello do futuro. Como tamén se deberá continuar a iniciativa de «Tesouros Humanos Vivos», como portadoras de memoria, promovida dende hai anos pola AVCCV.

Como precisa completar sobre o propio rueiro un mapa literario propio, por medio de códigos QR e dun proxecto de sinalética para aqueles máis significativos, como a imprenta Compañel.

Remato. Un dos meus amigos da infancia, vivía nunha casa humilde como a nosa da entón rúa General Rubín, que todos chamabamos «rúa dos cestos», que foi sempre un dos reclamos da artesanía do barrio. Tardei moito tempo en saber que aquela era a rúa da Amargura. Eis o papel esencial da memoria para coñecermos o que fomos, o que somos e o que queremos ser. Eis o seu papel indispensable no proceso de revitalización do Vigo Vello.

Obrigado pola atención e a paciencia.